



A escritora Helena Villar. Foto: Eduardo Castro.

Goretti Sanmartín parabeniza a escritora Helena Villar e participará na entrega do premio da AELG

24 de Xuño de 2016- A vicepresidenta e responsábel da área de Cultura da Deputación, Goretti Sanmartín, parabeniza a escritora Helena Villar Janeiro que recibe este sábado día 25 de xuño en Rianxo a Homenaxe A escritora na súa Terra da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG).

A escritora Helena Villar Janeiro converterase en socia de honra da AELG este sábado nun acto en Rianxo en que recibirá a Letra E da homenaxe anual A Escritora na súa Terra. A responsábel da área de Cultura da Deputación, Goretti Sanmartín, asistirá ao acto público en Rianxo en que, como é tradición, a escritora plantará unha árbore -desta volta, un loureiro- e se colocará un monolito na súa homenaxe.

A vicepresidenta da Deputación da Coruña, participará nos actos de recoñecemento e parabeniza a escritora nacida en Becerreá mais que pasou boa parte da súa vida vinculada a Santiago de Compostela -onde residiu, impartiu aulas e naceu a maior parte da súa obra- mais que escolleu o concello Rianxo para o actos de homenaxe. "Rianxo é vila de intensa tradición literaria. O monolito do recoñecemento da AELG a Helena Villar Janeiro situarase ben preto das casas nas de Castelao, Rafael Dieste ou Manuel Antonio, afondando na súa condición de vila literaria", sinalou Goretti Sanmartín.

De Helena Villar Janeiro, a responsábel da área de Cultura quixo facer fincapé no "seu compromiso coa nosa cultura e a nosa lingua, inquebrantábel durante toda a súa traxectoria, poñéndose fronte moitas iniciativas que foron fundamentais para dar pasos adiantes na normalización lingüística".

Ademais da súa amplía e recoñecida obra, Goretti Sanmartín destacou a figura de Helena Villar Janeiro a súa "adaptación aos novos tempos, en especial, ás novas tecnoloxías e ás redes sociais que emprega con mestría na promoción do galego e da nosa literatura".